



TRIMESTRE 3

2023

ACCIONES DE SENSIBILIZACIÓN



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña




¡DESCUBRE
MÁS!

Una manera de hacer Europa

Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER)

CARTELERÍA:



CINCO PUNTOS CLAVE PARA EL AHORRO ENERGÉTICO EN TU VIVIENDA

1 ELECTRICIDAD

Revisa la potencia contratada. Una reducción de 1kW puede suponer un ahorro de más de 60€/año. Si realizas tus grandes consumos en las horas en que el precio del kWh es menor, pagarás menos dinero. ¡Ajusta tus hábitos!

Revisa tu contrato y factura eléctrica: las tarifas en mercado regulado (TUR) son más económicas que las de mercado libre, y te permiten optar a diversas ayudas y bonos.

El bono social de electricidad es un descuento en la factura eléctrica que ofrece grandes descuentos según las diferentes situaciones familiares. Puedes consultarlo en www.curenergia.es. Además, existe un bono social térmico que va destinado al uso de la calefacción y el agua caliente sanitaria.

2 ELECTRODOMÉSTICOS

Los electrodomésticos que más energía consumen al año en una vivienda son la nevera (662kWh al año de media), el congelador (563kWh), la televisión (263kWh), la lavadora (255kWh), la secadora (255kWh) y el lavavajillas (246kWh). Utilizar los programas ECO puede suponer un ahorro de 15% frente a los programas normales.

3 CALEFACCIÓN

Mantén una temperatura adecuada y constante. No realices subidas fuertes en tu calefacción; genera un incremento en el consumo de energía. La temperatura recomendable es de 21°C durante el día y 17°C por la noche.

4 AGUA CALIENTE

El consumo medio mensual de agua caliente sanitaria es de 4m³ en una vivienda. Permanecer en la ducha más de 8/10 minutos puede suponer un incremento de la factura de cientos de euros anuales.

5 VENTILACIÓN

Ventila la vivienda sólo el tiempo justo: si es posible, aprovecha el momento más soleado del día para abrir las ventanas. 15 minutos son suficientes y evitarás humedad y pérdidas de calor excesivas.

Reduce tu factura energética y transforma la manera de consumir energía.

www.aforraenerxia.es

Servicio de acompañamiento energético para la contratación de las tarifas TUR y/o Bonos Sociales. Si actualmente no tiene contratado la tarifa regulada (TUR) tiene a su disposición un servicio de acompañamiento y asesoramiento para la realización y representación en su nombre de los cambios o dicha tarifa y/o la gestión de los bonos sociales y/o térmicos. Envíe su solicitud a aforraenerxia@coruna.gal y el equipo técnico contactará con usted.

CINCO PUNTOS CLAVE PARA O AFORRO ENERXÉTICO DA TUA VIVENDA

1 ELECTRICIDADE

Revisa a potencia contratada. Unha redución de 1kW pode supoñer un aforro de máis de 60€/ano. Se realizas os teus grandes consumos nas horas en que o prezo do kWh é menor, pagarás menos cartos. Axusta os teus hábitos!

Revisa o teu contrato e a factura eléctrica: as tarifas en mercado regulado (TUR) son máis económicas que as do mercado libre, e permítenche optar a diversas axudas e bonos.

O bono social de electricidade é un desconto na factura eléctrica que ofrece grandes descontos segundo as diferentes situacións familiares. Podes consultalo en www.curenergia.es. Ademais, existe un bono social térmico que vai destinado ao uso da calefacción e a auga quente sanitaria.

2 ELECTRODOMÉSTICOS

Os electrodomésticos que máis enerxía consomen ao ano nunha vivenda son o frigorífico (662kWh ao ano de media), o conxelador (563kWh) e o televisor (263kWh). A lavadora (255kWh) e o lavalouzas (256kWh). Utilizar os programas ECO pode supoñer un aforro do 15% fronte aos programas normais.

3 CALEFACCIÓN

Mantén unha temperatura axeitada e constante. Non realices subidas fortes na túa calefacción; xera un incremento no consumo de enerxía. A temperatura recomendable é de 21° C durante o día e 17°C pola noite.

4 AUGA QUENTE

O consumo medio mensual de auga quente sanitaria é de 4m³ nunha vivenda. Permanecer na ducha máis de 8/10 minutos pode supoñer un incremento da factura de centos de euros mensuais.

5 VENTILACIÓN

Ventila a vivenda só o tempo xusto: se é posible, aproveita o momento máis solleiro do día para abrir as xanelas. 15 minutos son suficientes e evitarás humidade e perdas de calor excesivas.


Reduce a túa factura enerxética e transforma o xeito de consumir enerxía.

www.aforraenerxia.es

Servizo de acompañamento enerxético para a contratación das tarifas TUR e/ou Bonos Sociais. Se actualmente non tes contratada a tarifa regulada (TUR) tes á túa disposición un servizo de acompañamento e asesoramento para a realización e representación no seu nome dos cambios a devandita tarifa e/ou a xestión dos bonos sociais e/ou térmicos. Envía a túa solicitude a aforraenerxia@coruna.gal e o equipo técnico contactará contigo.



10 CLAVES PARA REDUCIR LA FACTURA ENERGÉTICA ESTE INVIERNO.



1 REVISAR CÓMO CONSUME TU EDIFICIO.

Revisa horarios de encendido del alumbrado comunitario, de motores de extracción y/o ventilación, de consignas de impulsión de calefacción centralizada y/o de agua caliente sanitaria. Solicita el máximo ajuste a los horarios establecidos y el ajuste de consignas de calentamiento.

2 CUMPLE CON LA NORMATIVA.

Verifica el cumplimiento estricto de los planes de mantenimiento según la normativa vigente (RITE). Un buen mantenimiento puede reducir la factura energética en más de un 10%.

3 MANTENIMIENTO PREVENTIVO.

Solicita a tu empresa de mantenimiento una revisión y ajuste del funcionamiento de bombas, quemadores, programación y regulación de los sistemas centralizados. Modifica y ajusta los horarios de calefacción al mínimo necesario estableciendo curvas suaves que garanticen un confort mínimo exclusivamente en horarios nocturnos.

4 AJUSTA EL ARRANQUE DE CALEFACCIÓN.

Solicita el ajuste de arranque de la calefacción únicamente por debajo de 10°C. Establece consignas distintas según horarios o situaciones climatológicas.

5 CONTACTA CON UN GESTOR ENERGÉTICO.

Ponte en contacto con un especialista en gestión energética que te asesore, ayude y oriente sobre cómo actuar urgentemente sin realizar grandes inversiones, realizando una auditoría y una revisión de procesos y/o equipamientos antes de incorporar cualquier solución técnica, energética o tecnológica.

6 SISTEMAS DE MONITORIZACIÓN.

Te permitirán conocer en tiempo real el consumo y el impacto energético en tu actividad, anticipándote a las facturas mensuales de cada compañía, o solicita la activación en las plataformas de monitorización de las distribuidoras energéticas.

7 EFICIENCIA ENERGÉTICA.

Prioriza las inversiones que reduzcan la demanda y la dependencia energética, iniciando procesos con el desarrollo de una estrategia clara de ahorro y eficiencia energética. Es el momento de apostar por la implantación de las energías renovables y de los procesos de rehabilitación energética.

8 REVISAR LA POTENCIA ELÉCTRICA.

Solicita una revisión de las potencias eléctricas sobre los suministros de la comunidad y gestiona los ajustes correspondientes. Solicita un análisis o estudio técnico sobre la instalación de variadores o arrancadores que minimicen el impacto en los picos de potencia.

9 VIGILA LOS INDICADORES ENERGÉTICOS.

Desarrolla, identifica y vigila todos los indicadores energéticos fundamentales para la gestión de los edificios: esto permitirá identificar situaciones fuera de la media y orientar los esfuerzos hacia lo realmente necesario.

10 RACIONALIZA EL CONSUMO ENERGÉTICO.

Informa y comunica a los propietarios la importancia de racionalizar el consumo energético en los sistemas comunitarios como una fuente de ahorro instantáneo, así como conservar el calor en el interior de las viviendas reduciendo la ventilación de las mismas a 10/15 min. al día.





10 CLAVES PARA REDUCIR A FACTURA ENERXÉTICA ESTE INVERNO.



1 REVISAR COMO CONSUME O TEU EDIFICIO.

Revisa os horarios de acendido da iluminación comunitaria, de motores de extracción e/ou ventilación, de consignas de impulsión de calefacción centralizada e/ou de auga quente sanitaria. Solicita o máximo axuste aos horarios establecidos e o axuste de consignas de quecemento.

2 CUMPRE COA NORMATIVA.

Verifica o cumprimento estrito dos plans de mantemento segundo a normativa vixente (RITE). Un bo mantemento pode reducir a factura enerxética en máis dun 10%.

3 MANTEMENTO PREVENTIVO.

Solicita á túa empresa de mantemento unha revisión e axuste do funcionamento de bombas, queimadores, programación e regulación dos sistemas centralizados. Modifica e axusta os horarios de calefacción ao mínimo necesario establecendo curvas suaves que garantan un confort mínimo exclusivamente en horarios nocturnos.

4 AXUSTA O ARRANQUE DE CALEFACCIÓN.

Solicita o axuste de arranque da calefacción unicamente por baixo de 10 °C. Establece distintas consignas segundo horarios ou situacións climatolóxicas.

5 CONTACTA CUN XESTOR ENERXÉTICO.

Ponte en contacto cun especialista en xestión enerxética que te asesore, axude e oriente sobre como actuar sen realizar grandes investimentos, realizando unha auditoría e unha revisión de procesos e/ou equipamentos antes de incorporar calquera solución técnica, enerxética ou tecnolóxica.

6 SISTEMAS DE MONITORAXE DE SUBMINISTRACIÓNS.

Permitiranche coñecer en tempo real o consumo e o impacto enerxético na túa actividade, anticipándote ás facturas mensuais de cada compañía, ou solicita a activación nas plataformas de monitoraxe das distribuidoras enerxéticas.

7 EFICIENCIA ENERXÉTICA.

Prioriza os investimentos que reduzan a demanda e a dependencia enerxética, iniciando procesos co desenvolvemento dunha estratexia clara de aforro e eficiencia enerxética. É o momento de apostar pola implantación das enerxías renovables e dos procesos de rehabilitación enerxética.

8 REVISAR A POTENCIA ELÉCTRICA.

Solicita unha revisión das potencias eléctricas sobre as subministracións da comunidade e xestiona os axustes correspondentes. Solicita unha análise ou estudo técnico sobre a instalación de variadores ou arrancadores que minimicen o impacto nos picos de potencia.

9 VIXÍA OS INDICADORES ENERXÉTICOS.

Desenvolve, identifica e vixía todos os indicadores enerxéticos fundamentais para a xestión dos edificios: isto permitirá identificar situacións fóra da media e orientar os esforzos cara ao realmente necesario.

10 RACIONALIZA O CONSUMO ENERXÉTICO.

Informa e comunica aos propietarios a importancia de racionalizar o consumo enerxético nos sistemas comunitarios como unha fonte de aforro instantáneo, así como conservar a calor no interior das vivendas reducindo a ventilación das mesmas a 10/15 min. ao día.

